



SAIDA

GRA/Ra

Deputación
Pontevedra

Data Rexistro: 27/08/2024 12:37:15
Nº Rexistro: 2024000413

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 26 de xullo de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada D^a. Ana Laura Iglesias González:

16.8248.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. Non sei se hai algunha, respecto, non, a ver, do Grupo Socialista, pedíchesme dous a palabra, é un punto para formular preguntas, nada de introducións nin antecedentes. Preguntas directas. Ten a palabra a voceira dona Ana Laura Iglesias.

Sra. González Iglesias.- Si, grazas, Presidente. ¿Que explicación dá este goberno a que o pasado 14 de xullo durante a entrega de agasallos dos homenaxeados pola Comisión de Festas de Alcabre, os detalles da Deputación de Pontevedra foron entregados por un militante do Partido Popular que non ten ningunha relación con esta institución?

Sr. Presidente.- ¿Algunha pregunta máis? Ten a palabra Gregorio Agís.

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a. Ana Laura Iglesias González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada pola deputada do Grupo Provincial Socialista, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de xullo de 2024:

PREGUNTA:

¿Que explicación dá este goberno a que o pasado 14 de xullo durante a entrega de agasallos dos homenaxeados pola Comisión de Festas de Alcabre, os detalles da Deputación de Pontevedra foron entregados por un militante do Partido Popular que non ten ningunha relación con esta institución?

RESPOSTA:

O goberno da Deputación de Pontevedra non decide quen debe entregar os agasallos dunha festa que non organiza. A decisión tomouna a comisión de festas de Alcabre e, en todo caso, os agasallos non foron entregados por unha persoa na súa condición de militante de ningún partido político.

Asinado dixitalmente.

GRA/Ra



Data Rexistro: 27/08/2024 12:44:37
Nº Rexistro: 2024000414

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 26 de xullo de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado D. Gregorio Agís Gómez:

16.8248.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. Non sei se hai algunha, respecto, non, a ver, do Grupo Socialista, pedíchesme dous a palabra, é un punto para formular preguntas, nada de introducións nin antecedentes. Preguntas directas. ...

...

Sr. Presidente.- ¿Algunha pregunta máis? Ten a palabra Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- Preguntar á Deputada de Infraestruturas se teñen algunha previsión de reforzar a sinalización horizontal, porque estamos recibindo moitas queixas de que nalgúns viais da Deputación a sinalización horizontal está borrada. Entón, queríamos saber se teñen algunha previsión, porque cremos que sería interesante abordala.

Sr. Presidente.- Vale, grazas. Última pregunta. Paco Ferreira, do Grupo Socialista.

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Gregorio Luis Agís Gómez.- D^a María Isabel Couselo Torres.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada polo deputado do Grupo Provincial Socialista, Don Gregorio Agís Gómez, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de xullo de 2024:

PREGUNTA:

Preguntar á Deputada de Infraestruturas se teñen algunha previsión de reforzar a sinalización horizontal, porque estamos recibindo moitas queixas de que nalgúns viais da Deputación a sinalización está borrada. Entón, queríamos saber se teñen algunha previsión, porque cremos que sería interesante abordala.

RESPOSTA:

Co novo contrato de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra, que se esta previsto adxudicar no Pleno Extraordinario do 13 de setembro, vai implícito o incremento de actuacións no eido da sinalización horizontal das estradas provinciais.

Así, coa entrada deste novo contrato veranse incrementadas as frecuencias de marcaxe de liñas nun 50%, con respecto ao contrato de conservación actual. Ademais, conleva un incremento de financiamento para ditas actuacións dun 85%, con respecto ao contrato de conservación actual.

Ademais, encóntranse en redacción e tramitación no servizo de Infraestruturas, proxectos de mellora da sinalización en diversas estradas da provincia.

Asinado dixitalmente.



GRA/Ra

Deputación
Pontevedra

Data Rexistro: 27/08/2024 13:00:15
Nº Rexistro: 2024000415

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 26 de xullo de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado D. Paco Ferreira González:

16.8248.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. Non sei se hai algunha, respecto, non, a ver, do Grupo Socialista, pedíchesme dous a palabra, é un punto para formular preguntas, nada de introducións nin antecedentes. Preguntas directas. ...

...

Sr. Presidente.- ... Última pregunta. Paco Ferreira, do Grupo Socialista.

Sr. Ferreira González.- Grazas Presidente. Mire, en relación á pregunta que lle fixen no pleno anterior que hoxe recibín resposta, ten vostede, pregunto ...

Sr. Presidente.- ¿Cal é a pregunta?

Sr. Ferreira González.- A iso ía. Vale, pero a realidade é que non hai...

Sr. Presidente.- Abra paréntese e peche.

Sr. Ferreira González.- Bueno, tranquilidade.

Sr. Presidente.- Mire, non é unha norma da casa que impuxeran os que están actualmente no goberno.

Sr. Ferreira González.- Bueno, ía a iso, ía a iso.

Sr. Presidente.- Sr. Paco, pregunta concreta, por favor.

Sr. Ferreira González.- En relación á contestación que recibín hoxe, para que sepa de que lle falo, ¿ten vostede probas de tales infames acusacións á Voceira deste Grupo Socialista?

Sr. Presidente.- Grazas. ...

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Paco Ferreira González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada polo deputado do Grupo Provincial Socialista, Don Paco Ferreira González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de xullo de 2024:

PREGUNTA:

En relación á contestación que recibín hoxe, para que sepa de que lle falo, ¿ten vostede probas de tales infames acusacións á Voceira deste Grupo Socialista?

RESPOSTA:

Si. Consta en documentación asinada pola deputada – voceira do grupo socialista a recollida de material promocional (mochilas, neceseres, naipes con tapete, cubertos e fundas de móvil) nos últimos días do mandato do goberno anterior, en xuño de 2023.

Asinado dixitalmente.